CC BY

TEXTOS

Revista de **Filología Románica**
ISSN: 0212-999X

EDICIONES COMPLUTENSE

http://dx.doi.org/10.5209/RFRM.61696

# Dámaso Alonso e a lingüística galega a partir da súa correspondencia (1943-1946) con Ramón Otero Pedrayo

Xosé A. Fernández Salgado[1]

Recibido: 04 de mayor de 2017 / Aceptado: 11 de septiembre de 2018

**Resumo.** Neste artigo lembramos a contribución á lingüística galega de Dámaso Alonso (1898-1990) nas décadas centrais do século XX. Tras anotar algúns datos biográficos sobre el e contextualizar os seus traballos de lingüista dentro da Romanística, nos cales ocupan un lugar destacado os dedicados ó galego, damos a coñecer oito cartas dirixidas a Ramón Otero Pedrayo entre 1943 e 1946. Nelas, Dámaso Alonso solicítalle ó daquela grande patriarca das letras galegas datos de tipo lingüístico; pero a correspondencia revela tamén as súas reflexións sobre o estudo do galego, o seu método de traballo e a súa relación con Galicia.
**Palabras clave:** Historiografía lingüística; Dámaso Alonso; Correspondencia; Galego exterior, Lingua galega.

## [en] Damaso Alonso and the Galician language from his correspondence (1943-1946) with Ramón Otero Pedrayo

**Abstract.** This paper deals with the biography of Dámaso Alonso (1898-1990) and, more specifically, with his contribution to Galician linguistics by the middle of the twentieth century. After having provided some biographical data and contextualized his work as a linguist within the field of Romance Philology, where his studies devoted to Galician had a prominent place, our main purpose has been to analyze the contents of a eight letters with Ramón Otero Pedrayo between 1943 and 1946. The examined correspondence shows the kind of linguistic data requested from the so-called "patriarch of the Galician language" but it also reveals his thoughts on the study of Galician, his working methods, and his relationship with Galicia.
**Key words:** Linguistic historiography; Damaso Alonso; Correspondence; Exterior Galician; Galician Language.

**Sumario.** 1. Dámaso Alonso e a intelectualidade galeguista de posguerra. 2. Notas biográficas sobre Dámaso Alonso. 3. O Dámaso Alonso lingüista, investigador do galego. 4. O epistolario de Dámaso Alonso a Otero Pedrayo. 5. Fin. Referencias bibliográficas. *Bibliografía citada. Bibliografía de Dámaso Alonso sobre o galego.* Apéndice: Edición das cartas

**Cómo citar:** Fernández Salgado, X.A. (2018). Dámaso Alonso e a lingüística galega a partir da súa correspondencia (1943-1946) con Ramón Otero Pedrayo, en *Revista de Filología Románica* 35, 241-263.

[1] Universidade de Vigo. Departamento de Filoloxía galega e latina
xsalgado@uvigo.es

## 1. Dámaso Alonso e a intelectualidade galeguista de posguerra

Neste artigo danse a coñecer oito cartas de mediados da década de 1940 que teñen por emisor a Dámaso Alonso (1898-1990) e por receptor a Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). Nesa correspondencia, datada entre 1943 e 1946, Dámaso Alonso solicita información de tipo lingüístico sobre o galego falado, pero tamén atopamos reflexións do estado das investigacións sobre o galego, o seu desexo de investigalo, o método de traballo que cómpre seguir e a súa relación con Galicia.

As cartas que comentamos, e editamos no Apéndice, fan parte dun proxecto máis amplo, aínda nas fases iniciais, que pretende recadar e estudar a correspondencia científica de Dámaso coa intelectualidade galeguista arredor de mediados do século XX. Nesta investigación, por outra parte, tamén nos resulta de interese a correspondencia en que Dámaso Alonso é asunto das cartas, como ocorre nalgúns epistolarios xa editados nos *Cadernos Ramón Piñeiro* (*CRP*) entre Ramón Piñeiro e Ricardo Carballo Calero (*CRP* V: 2004), Piñeiro e Isidoro Millán (*CRP* XIII: 2009), Filgueira Valverde e Millán (*CRP* XVIII: 2011), ou no de Piñeiro a Fernández del Riego (2000). Nesa correspondencia aparecen suxestivas informacións sobre a relación entre o Dámaso Alonso lingüista e o "galeguismo cultural" que vai xermolando arredor da Editorial Galaxia na década de 1950. Nalgúns dos seus fragmentos pálpase o interese do galeguismo por ter na súa "órbita" ó romanista de ascendencia galega, daquela referencia intelectual de primeira orde no Hispanismo, e que ademais estaba interesado en estudar o galego por el chamado "exterior"[2]. Cómpre ter en conta que situar o idioma galego na Romanística europea foi unha das tarefas fundamentais proxectadas polo grupo Galaxia, onde Ramón Piñeiro desempeñou un papel primordial na súa condición de director literario da editora (véxase Monteagudo 2008). Pode servir de mostra dese interese o epistolario de 1958 de Piñeiro con Millán (*CRP* XIII: 2009). Nel pode apreciarse a importancia, case obsesión[3], que para Piñeiro ten que Dámaso Alonso participe no libro *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1958) que a editorial lle preparaba polo seu 70 aniversario. Escríbelle Piñeiro a Millán, que estaba en Madrid (*CRP* XIII 2009: 89): "Alégrome moito do bó resultado da xestión que fixestedes con Dámaso"; e ante a tardanza na entrega do artigo sinala noutra carta (2009: 90-91)[4]:

> Teño medo a Dámaso. Inda non piou. ¿Qué demos será o traballo que prepara que tan laborioso lle resulta? Gracias que contamos coa túa vixilante acción diplomática, pois do contrario non sei como llo íbamos a arrincar. Dixémosllo no outono por medio de Vicente Loriente. Il mostrouse moi ben disposto. Agora en cambio retrásase. Craro está que é home moi atafegado e non se lle pode nin se lle debe importunar.

---

2 O asunto era coñecido pola prensa do momento. En *La Noche* (21/1/1950, 8) recollíase: "El profesor Dámaso Alonso está haciendo un documentado estudio del gallego de la Asturias occidental. En su paciente investigación atiende no solo a la labor de recoger todas las voces vivas en aquella zona lingüística sino también a su rigurosa transcrición fonética".

3 Véxanse as cartas [13], [15], [17], [18], [19] e [20], entre o 3/1/1958 e 11/2/1958 (*CRP* XIII: 2009).

4 Participaría cun estudo sobre as palabras *telergas* e *celergas* 'cóxegas' (Alonso 1958). Por outra parte, neste mesmo epistolario atopamos tamén informacións sobre a estrañeza de Dámaso da non participación na *Homaxe* de Filgueira (carta [30]), sobre a súa posible visita lingüística ós Ancares lugueses e a Limia (cartas [30], [31], [32]), sobre o seu encontro con Aníbal Otero en Madrid (cartas [32], [33], [35], [36]) e sobre a morte do poeta Luís Pimentel, bo amigo de Dámaso (carta [21]).

No presente artigo cinguímonos só a correspondencia de Dámaso Alonso con Otero Pedrayo, que comentamos no apartado 4 e editamos no Apéndice. Nos apartados precedentes lembramos algúns datos biográficos sobre Dámaso así como os seus traballos lingüísticos, o que nos axudará a contextualizar as cartas e asemade o alcance do feito de que unha das personalidades máis sobranceiras da Filoloxía hispánica do século XX se dedicase a estudar o galego a mediados dese século e a reivindicar que se tivese en conta á beira doutras linguas, por exemplo, para explicar problemas non resoltos aínda de Lingüística románica.

## 2. Notas biográficas sobre Dámaso Alonso

Dámaso Alonso naceu en Madrid en 1898, pero con raizame sempre recoñecida por el nas terras da ría de Ribadeo, de onde eran o pai e os ascendentes da nai. Foi poeta destacado da Xeración do 27, historiador literario e creador na crítica literaria da escola chamada "Estilística damasiana", ademais dun gran lingüista e romanista, faceta esta na que elixiu o galego como lingua preferente das súas investigacións dialectolóxicas, fonéticas e léxicas.

Formado na segunda década do século XX no Centro de Estudos Históricos (CEH) á beira da eminencia de Ramón Menéndez Pidal e Américo Castro, fixo posible nun momento histórico complicado, como foron os anos posteriores á Guerra Civil, "salvar y enriquecer la continuidad de la filología española" (Lapesa 1970: 11), que iniciaran os seus mestres do CEH. E iso conseguiuno mercé ás súas investigacións e metodoloxías anovadoras e ó seu labor docente. Todos os alumnos destacan as excelencias de Dámaso como profesor; por exemplo, Lorenzo (1968: 481) escribiu con motivo da xubilación do seu mestre:

> Para mi [...] la figura de Dámaso Alonso adquiere una importancia de excepción, porque he podido disfrutar de sus enseñanzas y de su amistad. En mis tiempos de estudiante de Filología Románica en la Universidad de Madrid tanto Dámaso Alonso como Rafael Lapesa imponían su autoridad y magisterio, siempre dispuestos a ayudar a los que nos iniciábamos en la lingüística.

E da mesma opinión son Alonso Montero (2011: 1963 n. 90): "Eu fun alumno de Balbín no curso 1950-51, con quen nada aprendín. Carecía, na Facultade, como Joaquín de Entrambasaguas, de prestixio; non así Rafael Lapesa e Dámaso Alonso, ambos os dous procedentes do CEH"; e mais Alarcos Llorac (2009: 140), quen recoñeceu que "Aquellos dos años de enseñanza damasiana fueron el fruto principal que pude recoger en mis estudios de licenciatura". E o que resulta máis importante, foi sobre todo, como afirmou Lázaro Carreter (1999: 1275)[5], un gran mestre "esti-

[5] Lázaro Carreter (1999: 1275) lembra que cando chegou a estudar a Madrid esperaba atopar a Dámaso Alonso explicando literatura, pero a súa sorpresa foi que "era Titular de otra disciplina, Filología Románica […]. No podía enseñar literatura; las dos cátedras de entonces habían sido cubiertas, y una de ellas por alguien que no le perdonaba sus propias frustraciones, y que, además, poseía gran poder político. Dámaso Alonso, por otra parte, se sentía a gusto explicando Filología Románica, porque, alguna vez me lo dijo, no eran susceptibles de denuncia las teorías sobre la diptongación o la doble *d* cacuminal". Pola súa parte, Alarcos (2009: 140) indica referíndose ás clases de fonética de Dámaso: "la sabiduría, la claridad y la precisión del Maestro […] contribuyó a que arraigase en mi una vocación lingüística que reprimió la inicial devoción por la literatura".

mulador de vocacións" dende a súa cátedra de Lingüística románica que ocupou na Universidade Central de Madrid dende 1940 ata 1968. Baixo o seu maxisterio directo formáronse algúns dos mellores lingüistas e filólogos da Filoloxía hispánica da segunda metade do século XX, que nun primeiro momento se lanzaron a escribir teses sobre falas de comarcas e aldeas, que algúns ironicamente chamaban "Que verde era mi Valle" (Lapesa 1970: 11), pero que serviron para renovar completamente o coñecemento da dialectoloxía peninsular; outros abordaron a lingüística estrutural, outros cultivaron a estilística e, en fin, tamén algún elixiu enfrontarse cos problemas da ecdótica. Foron discípulos seus, por exemplo, A. Zamora Vicente, Mª Josefa Canellada, E. Alarcos Llorach, Emilio Lorenzo, F. Lázaro Carreter, Félix Monge... E tamén se beneficiaron do seu mestrado os estudantes galegos que naquela altura de mediados do século XX se trasladaban a Madrid para estudar Filoloxía románica, especialidade inexistente daquela na Universidade de Santiago. Referímonos entre outros a Xosé Luís Pensado, o xa citado Xesús Alonso Montero e a Pilar Vázquez Cuesta, estes a finais da década de 1940 e primeiros dos 50; e, xa contra finais desta década, algúns dos integrantes do grupo chamado "Brais Pinto", nomeadamente, o antedito Ramón Lorenzo, Xosé Luís Méndez Ferrín e Bernardino Graña.

En fin, Dámaso Alonso foi numerario da Real Academia Española dende 1945 e o seu director entre 1968 e 1982, e dende 1959 tamén da Real Academia da Historia. Dirixiu a prestixiosa *Revista de Filoloxía Española* e as coleccións "Biblioteca Hispano-Lusitana" e "Biblioteca Románica Hispánica" da Editorial Gredos. En 1978 recibiría o Premio Cervantes, o máis importante en lingua castelá, e, cando máis novo, tamén o Premio Nacional da Crítica (1927) polo seu traballo sobre as *Soledades* de Góngora.

As obras completas de Dámaso Alonso, comezadas a publicar en 1972, abranguen 10 voluminosos tomos –o último de 1993, xa póstumo, preparado polo seu amigo V. García Yebra–, o que dá idea da amplitude do seu traballo intelectual[6]. O máis interesante para a lingua galega é o primeiro deles dedicado á súa obra lingüística (Alonso 1972). Nel sobrancean, amais do capítulo inicial sobre a fragmentación fonética peninsular, os traballos sobre dúas áreas lingüísticas en particular: a andaluza e, sobre maneira, a área lingüística do galego, como logo veremos. No tocante ós estudos literarios, dedicou tamén algúns escritos a analizar as obras de Rosalía de Castro e Luís Pimentel[7].

E aínda que non adoita figurar nas súas semblanzas biográficas, cando menos debe aparecer na súa biografía "galega" o feito de que Dámaso Alonso foi nomeado Correspondente da Real Academia Galega en 1945[8], e en 1973, recoñecido como Membro Honorario do Instituto da Lingua Galega (Fernández Rei 1994: 161 n.15).

## 3. O Dámaso Alonso lingüista, investigador do galego

A súa faceta de lingüista, que é a que nos interesa neste traballo, quedou adoito agochada nos estudos sobre el e a súa obra polas outras súas facianas de escritor e crítico

[6] Exemplo desta prolixidade tamén son as 524 referencias bibliográficas da súa autoría que compendia Huarte Morton (1970) entre 1917 e 1970; e téñase en conta que Dámaso aínda vivirá ata 1990.

[7] Algunhas cartas de Dámaso a Pimentel poden lerse no *BGL* (1990).

[8] Véxase o *Boletín da Real Academia Galega*, nº 281-284, p. 330, de 1945.

literario. E certamente, é a de lingüista a máis serodia e a que desenvolve en menos tempo. Os seus primeiros traballos importantes estritamente lingüísticos datan de principios da década de 1940[9] e *Temas y problemas de la fragmentación fonética peninsular*, a súa obra cimeira, é de 1962. A partir desta data, os traballos que publique serán xa, polo xeral, de estudos redactados ou realizados, total ou parcialmente, con anterioridade a ese ano. Poderiamos preguntarnos, entón, cómo chega Dámaso Alonso á lingüística e ó galego en torno a 1943, xa con case 40 anos de idade, que había uns poucos anos publicara a súa tese sobre Góngora (1935), que estivera de profesor por Leipzig (1935-1939) e que está a escribir nese intre o seu influínte e desarraigado poemario *Hijos de la Ira* (1944).

Aínda que de mozo no CEH a formación que recibira abranguía integralmente os eidos da literatura e da lingüística, Dámaso Alonso vaise facer lingüista sobre todo cando debe facerse cargo en 1939 da cátedra de Lingüística románica na Universidade Central de Madrid –sucedendo ó seu mestre Menéndez Pidal–, e polo papel que xoga no novo Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) –e dentro del no Instituto Antonio de Nebrija–, que viñera substituír na España franquista ó CEH.

De todos os xeitos, como xa apuntamos, en 1936 Dámaso estaba pola Universidade de Leipzig e alí asistira a un curso do romanista Walter von Wartburg sobre problemas e métodos da lingüística. Conforme o propio Dámaso recoñece (Alonso 1951: VIII), quedara fascinado tanto polo pedagóxico das súas clases coma pola focaxe de estudo proposto que mesturaba diacronía ("evolución") e sincronía ("estrutura"). Wartburg xa era coñecido nese intre precisamente por *Evolution et estructure de la langue française* (1934). Dámaso propoñeralle ó profesor suízo que poña por escrito os contidos daquel curso nun libro e el, pola súa parte, ó mesmo tempo, comprometíase a traducilo e anotalo con exemplos do castelán –ó final apareceron tamén exemplos do galego e do asturleonés[10]–, pois a exemplificación de Wartburg era maioritariamente do francés e do italiano. De aí xurdiría a tradución ó español deste manual *Problemas y métodos de la Lingüística*, feita polo propio Dámaso Alonso e Emilio Lorenzo, que por vicisitudes varias non se publicaría ata 1951 (Alonso 1951: IX n. 1), ben que o groso da tradución estaba realizada dende 1946, isto é, ó tempo que Dámaso está redactando algúns dos seus traballos iniciais sobre o galego, como os que tratan das voces *sotaque* ou *xuio* e *xuilín* (Alonso 1943, 1944, respectivamente), e que mantén a correspondencia con Otero Pedrayo que aquí presentamos.

É durante este traballo de tradución e adaptación da obra de Wartburg cando se dá conta do atraso dos estudos lingüísticos hispánicos. Láiase no seu prólogo á tradución (Alonso 1951: VI): "¡Qué cantidad de materiales lingüísticos recogidos por las regiones de Francia! En comparación, ¡qué pocos podría ofrecer la lingüística española!". E era certo. Por iso, neses anos da década de 1940 e nas seguintes, Dámaso Alonso vai promover entre os seus estudantes e doutorandos traballos e teses de recollida da lingua oral que tiñan a forma de vocabularios, de narracións orais anotadas foneticamente, de pequenas gramáticas de falas dialectais..., maiormente

9 Así e todo de 1923 é un pequeno traballo sobre as palabras *nabija, llanta, pelaire* e de 1931, outro sobre a distinción entre "B" e "D" fricativas, publicados os dous na *Revista de Filoloxía Española*.

10 Documentamos, por exemplo, comentarios ou citas sobre a gheada (n. 17), a voz *xebrar* (n. 28), os adverbios de dúbida *quizáis, quizabe(s)* (n. 109), a palabra *rego* (n. 133), a xerga dos canteiros (n. 134), a denominación *muslo* para 'biceps' (n. 144), as voces *rebolladeiro*, *reboladeiro*, e *rebollar*, *rebolar* 'rodar' (n. 154), o "saúco" (n. 162), a orixe onomatopeica de *chucho* 'bico' (n. 180), etc.

de zonas arredadas, onde, de antemán, se supuña que ían aparecer trazos lingüísticos particulares e arcaizantes, coma as de León, Asturias, Estremadura ou Andalucía.

Pero se os materias lingüísticos dialectais sobre o castelán e o leonés eran escasos –en comparación por exemplo cós do francés–, as descricións lingüísticas sobre a lingua galega naquela altura de mediados da década de 1940 eran case inexistentes. E desa precariedade vai queixarse reiteradamente Dámaso nos traballos que vaia publicando nas décadas seguintes. Unha das súas primeiras reflexións aparece en 1959 nunha nota do seu traballo sobre o ancarés (Alonso 1972: 316-317 n. 2):

> No sabemos apenas nada de lo que es la verdadera imagen de la rica variedad fonética en el gallego hablado de Galicia. Es lamentable el contraste entre la escasez de estudios lingüísticos gallegos, hechos con criterio científico, y el enorme y fructífero esfuerzo de los especialistas catalanes.

Fragmentos similares atopámolos ó longo de *La fragmentación fonética peninsular* (1962). Comenta, por exemplo, a propósito da comparación do sistema vocálico galego cos doutras linguas da Romania, a dificultade que supón na súa descrición a case inexistencia de estudos sobre o galego falado (Alonso 1972: 31):

> He aquí una enorme dificultad, porque debido al increíble atraso de los estudios de lingüística gallega, esta lengua, en su estado moderno, es casi una incógnita; lo es desde luego, su vocalismo. Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales; labor de años.

E nas conclusións deste apartado, insiste na necesidade de contar con recollidas rigorosas e metódicas de datos á hora de facer lingüística: "Si pensáramos en Galicia y en el aspecto fonético, podríamos decir que está por hacer casi todo" (Alonso 1972: 37-38). Esta mesma idea aínda a volve expresar na "Nota inicial" de caracterización do galego dos Oscos asturianos: "La dialectología del gallego está absolutamente en ciernes" (Alonso 1972: 499)[11].

Non é este o lugar de analizar o porqué do atraso dos estudos de lingüística galega a mediados do século XX. Unha panorámica desa situación pode verse nos traballos de Fernández Rei (1994), Regueira (1996) e Santamarina (2005). Dende logo, nesas carencias, tiveran que ver a situación social do galego e a prominencia dos aspectos literarios, históricos e etnográficos sobre os propiamente lingüísticos, tanto entre os intelectuais galeguistas do Rexurdimento do século XIX coma nos da época nacionalista das *Irmandades da fala* e do Seminario de Estudos Galegos do primeiro cuarto do século XX. E isto viña derivado, en parte, do feito de que a Universidade de Santiago carecera dunha licenciatura ou especialidade na que poder formar lingüistas, non conseguida ata 1963 en que se crea a sección de Filoloxía románica[12].

Na verdade, arredor de 1940, canto a estudos sobre o galego de certo valor, Dámaso Alonso podía dispoñer como material de apoio dos *Diccionarios* oitocentistas de Cuveiro (1876) e Valladares (1884); o de Carré (1928-31, 1933); o inconcluso *Vo-*

---

11 Queixas semellantes sobre o atraso da lingüística galega nesta altura do século poden lerse en Zamora Vicente e Vázquez Cuesta (Fernández Rei 1994: 157 n.10 e 11).

12 A Facultade de Filosofía e Letras de Santiago creada en 1922 especializárase en Historia, así que os universitarios galegos que querían cursar estudos lingüísticos ou filolóxicos debían trasladarse á Universidade Central de Madrid, onde si existía unha especialidade de Filoloxía románica.

*cabulario popular* (1926) de membros do Seminario de Estudos Galegos; o de Acevedo e Fernández, que malia o título de *Vocabulario del bable de occidente* (1932) recollía voces do galego de Asturias; ou do enxebre *Vocabulario castellano-gallego* (1933) das Irmandades da fala. De textos gramaticais, dispuña da *Gramática gallega* (1868) de Saco Arce e dos traballos historicistas *Gramática histórica gallega* (1909) de García de Diego e *El idioma gallego* (1935) de Couceiro Freijomil. Ademais, podía consultar en alemán os estudos de carácter dialectolóxico e etnolingüístico feitos por Krüger e os seus discípulos Schneider, Schroeder e Ebeling, sobre todo de zonas lindantes do galego co portugués e o leonés; e tamén algunhas publicacións sobre o portugués redactadas por Leite de Vasconcellos e de etimoloxía, por J. Piel e H. Meier. Por último, había aínda algún modesto traballo de recollida de expresións e refráns, coma o de Noriega Varela *Como falan os brañegos* (1928), e estudos etnográficos como *Terra de Melide* (1933), que publicara o Seminario de Estudos Galegos. Xa na década de 1950, xuntaríanse a estes os artigos de dialectoloxía galega publicados por Zamora Vicente, os de etimoloxía e léxico de Aníbal Otero, a monografía de Luís Cortés sobre o galego zamorano de Lubián (1954) e, xa contra os anos finais da década, os tres volumes do *Diccionario enciclopédico* (1958-1961) de Eladio Rodríguez editados pola Editorial Galaxia. Mesmo algunha das publicacións máis antigas non era xa doado conseguilas nesa altura, pois non estaban xa en circulación. Boa parte destes traballos aparecen referenciados nas súas publicacións.

Xa que logo, non lle faltaba razón a Dámaso Alonso: en 1943 –cando inicia as súas investigacións sobre o galego–, e en 1962 –cando redacta *La fragmentación fonética peninsular*–, o galego, sobre todo o oral, era unha lingua mal descrita, eiva que non se vería remediada en parte ata a década de 1970. Pero aínda así, malia esa precariedade de descricións, o certo foi que Dámaso acabou decantándose nunha gran parte dos seus traballos lingüísticos por ter como lingua obxecto de estudo o galego. Non obstante, a variedade lingüística elixida para investigar non foi a do "galego interior" –isto é, o falado nas catro provincias administrativas galegas–, senón o que el vai denominar "galego exterior", quer na súa vertente asturiana, o falado entre os ríos Eo e Navia e sobre todo na bisbarra dos Oscos; quer na súa vertente ancaresa, o "galego-leonés", falado no val de Ancares, na parte administrativa leonesa[13]. Ben é certo que nas súas descricións sempre se contrastan as solucións destas zonas coas do "galego interior", nomeadamente coas variedades do lugués lindeiro con Asturias e, cando pode, coas doutras zonas, información que conseguía por medio de cartas e cuestionarios que enviaba a persoeiros da intelectualidade galega e mais a cátedros e directores de Institutos[14].

---

13 Dámaso Alonso (1972: 310) no traballo sobre o ancarés, define o "gallego-exterior o gallego-leonés al hablado fuera de Galicia, en tierras españolas limítrofes con ella. El gallego exterior o gallego-leonés comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia, están dentro del sistema lingüístico galaico si lo miramos en una perspectiva sincrónico-diacrónica […]. Una rama del gallego leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano".

14 Por exemplo, no artigo sobre a voz *enxebre* de 1947 (Alonso 1972: 293-314 n. 1) salienta nas numerosas notas os modos que tiña para obter a información. Indica que o Sr. Chao Espina, profesor de Instituto, fixera un interrogatorio por escrito en moitas aldeas galegas, o mesmo cós Sres. Montero e Bernis, Catedráticos do Instituto de Lugo, o poeta chairego Iglesia Alvariño e o novelista Torrente Ballester, e cós seus amigos Fernando Parga, Vicente Loriente e Filgueira Valverde. O certo é que por estes medios Dámaso foi quen de obter información en máis de 50 puntos da provincia de Lugo e noutra media ducia de Pontevedra e A Coruña (véxase o mapa en Alonso 1972: 313).

E agora cabería facérmonos outra pregunta: porque se decidiu a estudar o galego e non outra lingua, e en concreto a variante do “galego exterior”? Cando menos, en primeiro lugar, houberon de pesar razóns emotivas: a súa familia, como varias veces repite na súa correspondencia, procedía da ría de Ribadeo e el mesmo pasara durante a súa infancia moitas tempadas nesta vila da Mariña luguesa: alí nacera o pai, Dámaso Alonso Alonso, e tamén se enterrara, e a ela volvía con asiduidade nos tempos de lecer (véxase Gamallo Fierros 1971, 1972). Ademais, o galego éralle unha lingua coñecida. Nunha entrevista para o xornal *El Ideal Gallego* (*IG* 1973) sinalaba Dámaso:

> En primer lugar porque aunque yo no he nacido en Galicia, me considero gallego, porque de mis cuatro abuelos, tres lo eran. Segundo porque me crié en Ribadeo. Allí murió mi padre. A mi me gustaba corretear con los “pícaros” como se dice allí, y he hablado gallego con ellos.

Canto a súa nai, Petra Fernández de las Redondas, nacera nunha localidade de Toledo, na Mancha Alta (Las Huecas), pero tiña ascendencia no lugar das Campas, en Castropol (Asturias); xa que logo, tampouco lle era estraña a Dámaso a fala galega da beira asturiana da ría. Para alén destes motivos sentimentais, como intelectual interesado na lingua oral, Dámaso era consciente dos trazos lingüísticos particulares que ofrecía ese galego falado nas Asturias administrativas; e ben seguro que como dialectólogo era coñecedor de que esas peculiaridades aínda se debían acentuar máis tres ou catro ducias de quilómetros cara ó interior, xa nos Oscos (Asturias), bisbarra recóndita e arredada da contaminación lingüística moderna, como adoito buscaban os xeolingüistas nas súas investigacións. De por parte, as terras dos Oscos e do val de Ancares (desde onde baixara a familia dos Alonso a finais do século XVIII) eran lingüisticamente zonas de transición entre os falares galegos e os asturleoneses, e esas zonas eran tamén das preferidas polos romanistas para os seus inquéritos. Finalmente, deberon de influír aspectos académicos, pois a docencia dos contidos relacionados coa Filoloxía galego-portuguesa na Universidade Central estaban adscritos á súa cátedra de Lingüística románica.

Fose o que for, Dámaso Alonso dende 1943 vai contribuír á descrición da área lingüística galega con preto dunha vintena de títulos, polo xeral dende unha focaxe romántica. Aparecen recolleitos no tomo I das súas *Obras completas* no apartado “II. Del occidente peninsular” (Alonso 1972: 293-536) e como o propio Dámaso recoñeceu na entrevista antes citada (*IG* 1973): “Mis estudios de lingüística han sido seguramente en un 70 por cien sobre tema gallego”.

Trátase de traballos que abordan aspectos léxico-semánticos, dialectais, fonéticos e etimolóxicos de voces da área lingüística galega (véxase Lorenzo 1968, 1990; Fernández Rei 1994), moitas veces tinguidos de contidos etnográficos, como sucede por exemplo no artigo sobre as formas de lle chamar ó *sabugueiro* ou *bieiteiro* (Alonso 1946). Dámaso parte dunha palabra, adoito galega ou do galego-asturiano, e pode estudar a súa etimoloxía con todo detalle, coma nos casos de *enxebre*, *bordelo* ou *ozca* (Alonso 1947, 1950, 1955, respectivamente); pode dispensar unha breve clase de fonética histórica, coma cando aborda o desenvolvemento da nasalidade en galego no artigo sobre a palabra *engalar* (Alonso 1954), ou a evolución das palatais nas voces *xuio* e *xuilín* (Alonso 1944-45); pode estudar a súa significación, coma no vocábulo *bedro* (Alonso 1953); pode explicar como se producen as ampliacións semánticas, por exemplo, a partir dos casos de *enxebre* e *sutaque* (Alonso 1947, 1943 respectivamente); ou, en fin, pode establecer a súa variación dialectal, coma

nos estudos xa citados das palabras *sabugo* e *bieiteiro* e tamén de *telergas*, *celergas, celigras*... (Alonso 1946, 1958, respectivamente).

Dedicou especialmente tres traballos a nos presentar a fala e a vida dos Oscos (Alonso 1957, 1969, 1976)[15] a través da transcrición semifonética de varios textos orais recollidos por el mesmo a mediados da década de 1940 –dos primeiros que se realizan deste xeito na historia do galego–, ós que engadiu unha breve caracterización fonética, morfosintáctica e léxica da variedade da zona (Alonso 1969: 152-153). Ofreceunos, igualmente, outro estudo sobre o galego falado no val de Ancares (Alonso 1959, con modificacións en 1961), a partir do material recadado en dúas viaxes feitas por el e mais García Yebra en 1954 e 1957 á vertente leonesa desta bisbarra[16]. Na completa descrición que realiza, separa os trazos coincidentes do galego co ancarés (por exemplo, a existencia de *gheada*, a metafonía verbal ou o infinitivo conxugado), dos trazos comúns entre ancarés e leonés (que son mínimos), para finalmente describir os que son particularizadores do propio ancarés (como a dobre acentuación nunha mesma palabra, a existencia de vogais nasais e a palatalización de /a/ en determinadas condicións).

A esteas contribucións aínda habería que engadir as varias páxinas dedicadas tamén ó galego nos distintos capítulos de *La fragmentación fonética da península ibérica* (1962), cualificado por Lorenzo (1990: 539) como "libro fundamental" para a especialidade da Filoloxía románica. Nel o galego está moi presente nalgunhas das argumentacións de que Dámaso se fai valer para rebater teorías dos grandes mestres da disciplina románica. Por poñer só un exemplo, derruba unha nova teoría de Lüdtke sobre o vocalismo portugués e español botando man do sistema vocálico galego (Alonso 1972: 35). Neste punto, resultan reveladoras as súas reflexións finais sobre a metodoloxía que calquera investigador debe seguir (Alonso 1972: 37-39), tamén presentes nas cartas que logo comentamos:

> A un lado está la rigurosa y metódica recogida de datos; al otro, la interpretación teórica. Esta es imposible sin aquella [...]. Sin conocimiento de la realidad lingüística, actual o histórica, las teorías revolucionarias no serán más que jaulas, mejor o peor construidas, pero sin pájaro.

## 4. O epistolario de Dámaso Alonso a Otero Pedrayo

O epistolario que editamos no Apéndice consta de oito cartas manuscritas[17] de Dámaso Alonso ó ourensán Ramón Otero Pedrayo[18]. Dúas delas están datadas en 1945;

---

[15] Eses traballos formaban parte dun libro varias veces anunciado pero nunca editado. Huarte Morton (1970: 331), tras o asento bibliográfico número 515, sinala: "Es parte del libro anunciado como *Textos gallegoasturianos de los tres Oscos*, con el número 102, en PSA, 1958, XI, 475".

[16] Ambos aínda realizarían unha terceira viaxe no verán de 1962, mais desta vez á vertente luguesa, á zona de Cervantes, pois querían comprobar se nos Ancares galegos se daban os mesmos fenómenos dialectais ca nos leoneses. Como sinala García Yebra (1973: 346): "Llegamos a Xantes, que iba a ser el centro de nuestras investigaciones. No hallamos, en materia lingüística, nada particular. El habla de la vertiente gallega de los Ancares no presentaba ninguna de las características que tanto nos había llamado la atención en la zona leonesa". Esta terceira viaxe debeu estar proxectada en 1958, de facermos caso do xa comentado epistolario de Piñeiro a Millán nas cartas [30], [31], [32] (*CRP* XIII 2009).

[17] Para a remisión ó seu contido usamos as siglas ROP seguidas dun número; así [ROP1], [ROP2]...

[18] Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), intelectual galeguista, grande patriarca das letras galegas, foi

as restantes carecen dese apuntamento, ben que polas referencias que conteñen podemos encadralas entre 1943 e 1946; isto é, no momento en que Dámaso está a redactar os seus primeiros traballos sobre o galego e precisa contrastar a solución lingüística galega que el coñece coa doutras zonas de Galicia, neste caso de Trasalba, lugar de residencia de Otero Pedrayo. Actualmente este epistolario custódiase na Fundación Penzol en Vigo[19].

Todas as cartas abordan contidos de interese lingüístico nun sentido amplo. Poderíase dicir que son case auténticos interrogatorios sobre o coñecemento de palabras, ditos e mesmo ás veces de costumes e tradicións. Nelas reflíctese sobre todo a maneira de proceder de Dámaso na investigación filolóxica: o seu rigor, o interese polo coñecemento pormenorizado de feitos concretos, a intuición para ordenalos e explicalos e as precaucións nas conclusións. Os principais asuntos tratados son os seguintes:

1) As palabras e expresións inquiridas. O asunto primordial de case todas as cartas é o inquérito de Dámaso a Otero sobre palabras –e en menor medida de expresións, coplas, supersticións...–, sobre o seu coñecemento, o uso, algunha variante, algún significado particular, ampliacións semánticas... Varias das palabras e expresións polas que pregunta foron comentadas logo nas súas publicacións: *sutaque, bordelo, telergas, celergas, xuio, xuilín*, etc.

2) O seu método de traballo. As cartas permiten inferir o método de investigación seguido por Dámaso, que poderiamos resumir nas seguintes características:

a) A investigación parte da lingua oral, para o cal cómpre facer recollida de datos *in situ*, ben persoalmente ou ben a través do envío de cuestionarios por carta a amigos e coñecidos de distintos puntos do territorio galego e que estes os volvan a utilizar con outros informantes (véxase, por exemplo, en [ROP7]: "mis datos parten del gallego hablado en Asturias y suelen tener comprobación en el gallego de Lugo"; e en [ROP8]: "Quizá después de contestar pudiera V. enviar la adjunta hoja a algún amigo de la región alejada para que contestara también".

b) Busca a precisión na obtención e comprobación de datos para soster as súas hipóteses; obviamente, cantos máis datos poida manexar mellor. Compróbese, a modo de exemplo, en [ROP2]: "Este dato me sería precioso para el estudio semántico de la palabra [*sutaque*], si V. lo pudiera asegurar un poco"; ou en [ROP7]: "Conozco *sabugueiro, samugueiro, baíto, baiteiro, bieiteiro*, *biauteiro, biouteiro, birouteiro, benteiro y binteiro*. ¿Puede V. añadir a esta lista? ¿Conoce V. supersticiones en que intervenga el saúco?".

c) Procura igualmente a rigorosidade na indicación da procedencia dos datos: sexa o lugar exacto de recollida, o informante, a fonte escrita... Destes, a información dialectal é para el primordial. Para exemplo véxase en [ROP5]: "tengo, como casi siempre muchos datos sobre el Este de Lugo y Oeste de Oviedo. Pero me faltan del interior. ¿Quiere V. decirme los nombres tradicionales ahí

membro destacado da Xeración Nós, Deputado galeguista nas Cortes constituíntes republicanas (1931-1933), Catedrático de Xeografía na Universidade compostelá (1950-1958) e Presidente da Editorial Galaxia. Cultivou todos os xéneros literarios, amais de ser autor de varios estudos xeográfico-históricos sobre Galicia. Na altura en que se cartea con Dámaso Alonso, Otero Pedrayo estaba apartado polo réxime franquista (de 1937 a 1948) da súa cátedra no Instituto de Ourense.

19 Quero deixar constancia do meu agradecemento á Fundación Penzol, en especial ó arquiveiro Benito Ramírez e a bibliotecaria Pilar Vilaboy, por todas as facilidades ofrecidas na consulta deste material.

en Trasalba? [...] Cualquier dato será bien venido (pero le ruego indicación precisa del lugar donde se diga)".

d) É moi importante, así mesmo, seleccionar ben os informantes (que sexan usuarios habituais da lingua e bos coñecederores dela) e o método seguido ó facer a enquisa; Dámaso considera a Otero un sabio do idioma. Así, en [ROP1] vemos: "La fama que V. tiene de gran conocedor de todo lo gallego..."; ou en [ROP8] "Yo le rogaría que preguntara a aldeanos de sitios gallegos bien alejados entre si, y que conozcan bien estas labores".

e) Deben contrastarse as fontes orais e as escritas, os dicionarios co uso oral, e ter unha visión románica do tema abordado, constatando por exemplo o resultado noutras linguas, en especial coas veciñas. Véxase, a modo de exemplo, en [ROP6]: "En el gallego del concejo de Castropol se llama *bordelo* al 'par de encuarte o de refuerzo'. De los diccs. gall$^{s}$. que manejo solo el Voc. cast.-gall de las 'Irmandades da fala' encuentro *bordelar* como trad. de *encuartar*, y en Carré Alvarellos *bordelo* y *bordelar*; [...] No encuentro la palabra en los diccs. ¿La conoce V.?".

3) O estudo do galego. Outro asunto que sae na correspondencia ten que ver co interese de Dámaso polo galego, pola variante dialectal que el estuda, sobre a súa delimitación e sobre o nome que lle dá ("gallego hablado en Asturias", "gallego oriental"); e tamén atopamos algunha pregunta sobre o galego literario do propio Otero. Así, por exemplo, en [ROP4] lemos: "Me he propuesto (pero Dios dispone) estudiar a fondo el gallego hablado en Asturias, tan imperfectamente conocido. Claro que esto me obligará a estudiar dos fajas limítrofes, la gallega del Este de Lugo, y la gallego-asturiana del Este del Navia. […] Volviendo al gallego de V. ¿Ha expuesto V. en algún sitio su criterio sobre el gallego literario, y sobre el de V. en particular?".

